

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE
ARTES PLÁSTICAS
CURSO ACADÉMICO 2022/2023

Profesorado do departamento

MARÍA DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ
CARLOS MATOS CONDE
PABLO SERÉN CASANOVA

Materias que imparten

Pablo Serén Casanova.

Educación plástica, visual e audiovisual 4ª ESO

Debuxo Técnico 2º BAC

Carlos Matos Conde.

Debuxo Artístico 2º BAC

Fundamentos da Arte 2º BAC

Cultura Audiovisual 2º BAC

María Domínguez Fernández.

Deseño 2º BAC

ÍNDICE

1.Introdución e contextualización.....	3
2.Competencias clave	4
3.Objectivos xerais	9
4.Programacións específicas:	
4.1 Materia: EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL - 4º ESO	12
4.2 Materia: DEBUXO TÉCNICO II - 2º BACHARELATO	30
4.3 Materia: DEBUXO ARTÍSTICO II - 2º BACHARELATO	46
4.4 Materia: FUNDAMENTOS DA ARTE II - 2º BACHARELATO	60
4.5 Materia: CULTURA AUDIOVISUAL II - 2º BACHARELATO	102
4.6 Materia: DESEÑO - 2º BACHARELATO	119
5. Contribución ao plan lector	132
6. Contribución ao proxecto TIC	133
7. Contribución ao plan de convivencia	134
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	135
9. Mecanismos de revisión e avaliación da programación didáctica	136
10. Actividades complementarias e extraescolares	136

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Marco Normativo:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de Xuño, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Contextualización:

Estamos nun mundo globalizado (cada vez máis) onde a cultura e a información plástica e visual son, non só enormes e esenciais, senón na maioría dos casos o elemento central da comunicación ou da relación entre as empresas, as culturas e as persoas individuais.

A imaxe é un elemento esencial nas comunicacións actuais (correos electrónicos, páxinas web, redes sociais, televisión...), razón pola cal a aprendizaxe do seu manexo, comprensión e manipulación son esenciais; e deben ser, polo tanto, o obxectivo central da aprendizaxe dos nosos alumnos.

O IES Martaguisela, situado na zona escolar ao oeste da localidade de O Barco de Valdeorras, ten alumnos da propia localidade e de distintas áreas das proximidades. A economía da zona está baseada fundamentalmente na industria da lousa, o viño e o cultivo e comercialización da castaña. Toda a actividade económica que isto xera na comarca ofertou emprego a unha considerable poboación inmigrante, polo que hai alumnado de diferentes nacionalidades, sobre todo de Portugal e Latinoamérica. Así, acentúase a importancia da imaxe e do seu manexo dadas as diferentes orixes culturais do alumnado. O noso centro deberá, nas distintas materias, dar solución ao manexo e integración das diferentes culturas.

2. COMPETENCIAS CLAVE

- a) Comunicación lingüística. (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.(CMCCT)
- c) Competencia dixital. (CD)
- d) Aprender a aprender. (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- g) Conciencia e expresións culturais. (CEC)

Dado que a aprendizaxe baseada en competencias se caracteriza pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, o proceso de ensino e aprendizaxe por competencias debe tratarse dende todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais. O seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

a) **Comunicación lingüística (CCL)**

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia é preciso abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender as cinco compoñentes que a constitúen e as dimensións en que se concretan:

– A compoñente lingüística abrangue diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.

– A compoñente pragmático-discursiva contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as funcións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as funcións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

– A compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

– A compoñente estratéxica permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; ademais, tamén forman parte desta compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT),

O emprego de números, símbolos, operacións e relacións entre eles forman parte da metodoloxía científica. Na educación plástica e debuxo tanto técnico como artístico emprégase o razoamento matemático como apoio cara a unha mellor comprensión das relacións entre conceptos. O alumnado aprende os conceptos básicos que lle permitan a análise dos materiais, da xeometría, das relacións xeométricas, dos fenómenos naturais, das súas transformacións, dos seus efectos etc. Debe ser quen de entender que a arte, a ciencia e a tecnoloxía van da man nas diferentes áreas da vida cotiá, medicina, investigación, enxemeiría, arquitectura, electrónica, novos materiais, etc

c) Competencia dixital (CD)

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas

fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación desta, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

d)Aprender a aprender (CAA)

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

e)Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para actuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade

e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, autonómica, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Polo tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en acto, o que significa adquirir conciencia da situación a intervenir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns e cidadás emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades

de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén unha compoñente expresiva referida á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Polo tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, gozo e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

3. OBXECTIVOS XERAIS

- A **educación secundaria obrigatoria** contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:
 - a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
 - b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
 - c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
 - d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
 - e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
 - f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
 - g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
 - h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
 - i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
 - l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
 - m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais

relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

▪ **bacharelato** contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade

elixida.

- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4. PROGRAMACIÓN ESPECÍFICAS

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º curso ESO

4. 1.VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CUALIFICACION E TEMPORALIZACIÓN

Ob- xecti- vos etapa	Contidos	Criterios avalia- ción	Grao mínimo de cons.	Estándares de aprendizaxe	Compe- tencias clave	Instrumentos avaliación	Criterios cualificación	Nº de se- sións
	Bloque 1. Expresión plástica							
								1º Trimes- tre 1ª Avalia- ción
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística. 	B1.1.	Obtén unha cualificación positiva como mínimo en dous exercicios	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais - Exercicios específicos individuais. - Traballos de arte grupais. - Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Leis da composición. ▪ B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza. ▪ B1.4. Cor como ferramenta simbólica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. 	Experimenta as posibilidades expresivas da composición como mínimo en dous exercicios	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. ▪ EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forzadunhaimaxe. ▪ EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunhaimaxe por medio da cor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCEC ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais - Exercicios específicos individuais. - Traballos de arte grupais. - Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais. ▪ B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias. ▪ B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. 	<p>Entender as propiedades dos diferentes materiais</p> <p>Reflexiona e experimenta sobre os significados simbólicos e a potencia emocional da composición</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. ▪ EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais - Exercicios específicos individuais. - Traballos de arte grupais. - Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquejo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva). ▪ B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. 	<p>Valorar a composición como transmisora de emocións como mínimo en dous exercicios</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplica ao á produción de proxectos persoais e de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais - Exercicios específicos individuais. - Traballos de arte grupais. - Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ f ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. ▪ B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. 	<p>Emprego de termos artísticos cultos</p> <p>Coñecer diversos artistas e a súa produción artística</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha lingua axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. ▪ EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaa no período ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais - Exercicios específicos individuais. - Traballos de arte grupais. - Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións
Bloque 2. Debuxo técnico								1º_2º_3º
								Trimestre 1º_2º_3º
								Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. 	<p>Análises dos tipos de debuxos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descriptivo do perceptivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais - Exercicios específicos individuais. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia. ▪ B2.3. Tanxencias e enlaces. ▪ B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos. 		<p>Clasifica correctamente os polígonos de tres a cinco lados, e distingue entre regular ou irregular polo menos na metade dos exercicios</p> <p>Entende as formas xeométricas</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. ▪ EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. ▪ EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplica á creación de deseños persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> - Traballos de arte grupais. - Observación. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2. 5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. ▪ B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezassinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada econ utensilios de debuxo técnico. ▪ B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. ▪ B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. ▪ B2.9. Perspectiva cónica central. ▪ B2.10. Perspectiva cónica oblicua. ▪ B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. 	<p>Entender a representación de formas tridimensionais e a súa utilidade</p> <p>Entender a representación de formas tridimensionais.</p> <p>Comprende o sentido da perspectiva</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. ▪ EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. ▪ EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais - Exercicios específicos individuais. - Traballos de arte grupais. - Observación. 	<p>Ler o apartado 4.5</p>	<p>6 sesións</p>

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

			Comprende o sentido da perspectiva conica e a súa utilidade	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 			
<ul style="list-style-type: none"> b e i o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3 	Coñece os elementos da comunicación visual nas novas tecnoloxías	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Probas orais Exercicios específicos individuais. Traballos de arte grupais. Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións
Bloque 3. Fundamentos do deseño								3º Trimestre
								3ª Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> a c d f h l 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Análise das linguaxes visuais-cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.). B3.2. Fases do proceso de deseño. B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos. B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. 	<p>Coñece elementos e entende conceptos básicos .</p> <p>Coñece elementos e entende conceptos básicos .</p>	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno nasúavertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Probas orais Exercicios específicos individuais. Traballos de arte grupais. Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións
<ul style="list-style-type: none"> c e g i 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Campos de aplicación do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2 	Coñece os diferentes tipos de deseño	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Probas orais Exercicios específicos individuais. Traballos de arte grupais. Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. ▪ B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. ▪ B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. ▪ B3.9. Informática aoservizo dos proxectos de deseño. ▪ B3.10. Planificación dun proxecto artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. 	<p>Recoñece e construe Redes modulares</p> <p>Executa correctamente todos os pasos da creación</p> <p>Executa correctamente os trazados xeométricos na definición do deseño</p> <p>Executa correctamente con ferramentas informáticas</p> <p>Estructura ben o proceso de traballo</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. ▪ EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. ▪ EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptando as áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza das representacións gráficas. ▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. ▪ EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais - Exercicios específicos individuais. - Traballos de arte grupais. - Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia								3º Trimestre
								3ª Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. ▪ B4.2. Realización dun storyboard. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. 	<p>Coñece elementos e entende conceptos básicos da creación cinematográfica</p> <p>Ordena cronoloxicamente os diferentes planos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. ▪ EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais - Exercicios específicos individuais. - Traballos de arte grupais. - Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ l ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine. ▪ B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. ▪ B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. 	<p>Coñece elementos e entende conceptos básicos da creación cinematográfica</p> <p>Ordena cronoloxicamente os diferentes planos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. ▪ EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais - Exercicios específicos individuais. - Traballos de arte grupais. - Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

			Coñece elementos e entende conceptos básicos da creación cinematográfica	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC 			
<ul style="list-style-type: none"> a e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Creación dixital de imaxes. B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. 	Executa correctamente un programa de retoque fotográfico	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais - Exercicios específicos individuais. - Traballos de arte grupais. - Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións
			Executa correctamente os elementos gráficos	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC 			
			Executa correctamente os pasos na creación	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD CSIEE CCEC 			
<ul style="list-style-type: none"> a c d f h n o 	<ul style="list-style-type: none"> B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4.. 	Analiza cos compañeiros de forma crítica	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Probas orais - Exercicios específicos individuais. - Traballos de arte grupais. - Observación. 	Ler o apartado 4.5	6 sesións

4.2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

No desenvolvemento das tarefas pódense empregar diversas estratexias metodolóxicas:

Coñecer, antes de comezar, as ideas previas, as dificultades de aprendizaxe do alumnado e os recursos dispoñibles.

Introducir de xeito xeral o alumno na unidade, anticipando as tarefas previstas e os materiais necesarios para o desenvolvemento desta.

Realizar exposicións (tanto por parte do profesor coma dos alumnos) utilizando diferentes soportes e incidindo no uso da imaxe e na expresión multimedia (oral, visual e outras).

Complementar as lecturas coa busca de información e a reflexión tanto individual como en grupo.

Fomentar a realización de esquemas ou mapas visuais do que se coñece e do que se quere coñecer, así como dos procesos de traballo tanto individuais como por medio de dinámicas grupais.

Fomentar a exposición e posta en común, tanto na clase como fóra dela.

Realizar visitas extraescolares ou invitar personaxes de interese á aula.

A aprendizaxe dos contidos da área de educación plástica visual e audiovisual realízase traballando mediante o método de actividades en láminas.

De forma moi esquemática, o método de estas actividades consta de catro etapas: observar, deseñar, analizar e avaliar. Unha vez concluído o proceso, o alumnado terá aprendido a:

- Identificar problemas que precisan unha solución
- Determinar as condicións que debe cumprir a solución
- Analizar as solucións existentes valorando posibles melloras
- Deseñar unha solución a través da realización da lámina
- Executar o deseño planificando previamente a distribución de tarefas e tempos e a dispoñibilidade dos útiles necesarios
- Analizar o resultado do proceso

A dificultade dos problemas que cada individuo ou grupo de traballo debe resolver aumenta progresivamente da primeira á última avaliación. O grupo debe analizar a información proporcionada e tomar decisións pero todo isto sucede nun marco que inicialmente estará moi delimitado e que progresivamente se moverá cara proxectos máis abertos.

Esta metodoloxía desenvólvese nunha aula específica para impartir contidos cunha compoñente práctica importante. Este espazo permite ademais o traballo individual e en grupo. Co traballo individual preténdese favorecer a autonomía persoal do alumnado a

través de diferentes tarefas como resolución de exercicios, prácticas ou pequenos traballos de investigación. Co traballo en grupo preténdese favorecer a aprendizaxe cooperativa así como contribuír positivamente á convivencia no centro a través da realización de proxectos.

Non se fixou un libro de texto e traballarase con materiais de elaboración propia e/ou de libre uso que se atopen dispoñibles na rede. O centro dispón de portátiles para uso individual do alumnado e dunha rede de datos accesible, o que fai perfectamente viable esta elección. Desta maneira a materia impártese cun custo case nulo para as familias e ademais incídese no desenvolvemento da competencia dixital.

O alumnado pode descargar os materiais curriculares e se o solicita, dispoñer dunha versión en papel para fotocopiar. Nese caso, o alumnado debe asumir o custo das fotocopias que realice pero os boletíns de exercicios serán entregados en clase con cargo ao departamento.

A aula específica do departamento conta con un equipamento dunha pizarra dixital interactiva e conexión wifi.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual: Os materiais dixitais (vídeos, presentacións, animacións...) asociados á unidade.

Outros recursos como libros de consulta que están o servizo dos alumnos no departamento inmediato a Aula.

Recursos dixitais

Na Aula específica de educación plástica dispoñemos de ordenador con proxector.

Os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles na Aula Virtual

Enlaces web

4.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1_Observación sistemática. Centrada nos seguintes aspectos:

a) Hábitos de traballo.

- b) Habilidades e destrezas.
- c) Actitudes de iniciativa e interese no traballo.
- d) Avances na asimilación de contidos conceptuais.
- e) Participación en actividades dentro e fóra do aula.
- f) A expresión oral a través das intervencións na clase, na posta en común de traballos de equipo, en coloquios, debates.

2_ De intercambios orais:

- a) Exposicións e postas en común
- b) Diálogos

3_ De análise das producións do alumnado:

- a) Colección de láminas
- b) Textos escritos e producións orais, musicais, plásticas ou motrices
- c) Resolución de exercicios e problemas
- d) Resumos e mapas conceptuais
- e) Traballos
- f) Portfolio

4_ Probas específicas:

- a) Probas obxectivas
- b) Exames e controis orais ou escritos
- c) Cuestionarios

4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Expresión plástica

- B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súalinguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.
- B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.
- B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base dun subxectivo prefixado e da autoavaliación continua do proceso de realización.
- B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.
- B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.

Bloque 2. Debuxo técnico

- B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.
- B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.

- B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezassinxelas nos sistemas de representación.

Bloque 3. Fundamentos do deseño

- B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ássúas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.
- B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.
- B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia

- B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.
- B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades
- B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.
- B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.

4.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

1.- Haberá tres avaliacións, coincidindo coas do curso xeral. A avaliación do alumnado será unha nota segundo os criterios xerais marcados en cada caso pola Consellería de Educación; dita nota será a refundición de outras catro:

- a. Unha nota correspondente á valoración dos traballos que o alumno faga para o desenrolo de cada tema. **Esta nota será o 40% da nota da avaliación.**
- b. Unha nota correspondente á valoración do traballo do alumno no equipo ó que pertenza. A nota de cada alumno será individual e recollerá tanto o traballo do alumno no equipo como a asimilación persoal dos contidos e conceptos traballados. A nota persoal de cada alumno será a media aritmética entre a nota do grupo e a nota individual, sempre que esta non sexa inferior a 3. **Esta nota será o 20% da nota da avaliación.**
- c. Unha nota correspondente á valoración do traballo do alumno na clase (traer o material, traballar axeitadamente, interese, atención ás explicacións, etc.). **Esta nota será o 20% da nota da avaliación.**
- d. Unha nota correspondente ás preguntas que sobre cada unha das leccións lle faga o profesor a cada alumno (cando se vexa un novo tema o profesor avisará ós alumnos previamente para que lean a lección correspondente na casa; na clase, unha vez clarexadas as dúbidas que puidese haber, o profesor preguntará ós alumnos con cadanseu libro aberto). **Esta nota será o 20% da nota da avaliación.**
- e. Cando algún alumno, polas razóns que sexan, no teña nota nalgún dos apartados **b, c** ou **d**, a porcentaxe da nota do apartado **a** será do **60%**.

2.- Será obrigatorio entregar tódolos traballos prácticos na data que, en cada caso, sinalo profesor de común acordo cos alumnos (de xeito excepcional, un traballo poderá ser entregado ao longo do día da data marcada, sempre que o profesor estime xustificada a non entrega do traballo na clase). **Non entregar un traballo na data marcada implicará o suspenso na avaliación correspondente.** No momento da entrega do traballo o profesor dirá ao alumno se o traballo está aprobado ou non para que, no seu caso, o alumno poida corríxilo con tempo antes da data de entrega ao final da avaliación. **A obtención dun cero en algunha das catro (a, b, c, d) partes implicará o suspenso da avaliación correspondente.**

3.- Despois de cada avaliación (independentemente de que estea aprobada ou non) o profesor indicará a cada alumno/a os traballos que debe volver facer para recuperar os traballos suspensos. A data de entrega destes traballos corríxidos será a data final de entrega da avaliación seguinte.

4.- No caso de que un alumno iniciara o curso despois da data oficial, o alumno realizaría os traballos necesarios (coa axuda e supervisión do profesor) para acadar o nivel axeitado ou ben faría un exame correspondente ás partes da materia non vistas.

5.- A nota final será a media (valorando, no seu caso, a evolución do alumno) das notas das tres avaliacións do curso. Para facer o redondeo, se a nota é decimal superior a 6 redondéase cara arriba, en caso contrario cara abaixo.

6.- Avaliación Ordinaria.- **Alumnado aprobado na media das tres avaliacións:** Practicarán o debuxo da figura humana e o retrato (encaixe, sombreado, debuxo a tinta e lapis) cos compañeiros/as como modelo (ninguén posará, cada quen estará a facer o seu traballo), ou calquera outro traballo que indique o profesor. A valoración de estes traballos poderá mellorar a media do curso.

Alumnado suspenso na media das tres avaliacións: O profesor dirá a cada alumno/a os traballos que debe volver a realizar (os que teña suspensos ou non entregados) en clase ou as leccións do libro que deberá ler ou os traballos de arte que deberá realizar. Todos estes traballos serán individuais e realizaranse na clase. **Os criterios de cualificación serán os mesmos que se usaron durante o resto das avaliacións.**

7.- Cando un alumno/a se incorpore ao curso unha vez empezado faráselle un **plan específico** (que inclúa o estudo dos temas xa vistos e a realización dos traballos correspondentes), ou ben a realización dun exame desa parte da materia. Isto soamente se fará no caso de que o alumno/a non teña documentación escolar que xustifique a superación das avaliacións non cursadas no centro.

4.6. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN

- Despois de cada avaliación (independentemente de que estea aprobada ou non) o profesor indicará a cada alumno/a os traballos que debe volver facer para recuperar os traballos suspensos. A data de entrega destes traballos corrixidos será a data final de entrega da avaliación seguinte.
- No caso de que un alumno iniciara o curso despois da data oficial, o alumno realizaría os traballos necesarios (coa axuda e supervisión do profesor) para acadar o nivel axeitado ou ben faría un exame correspondente ás partes da materia non vistas.
- Avaliación Ordinaria.- **Alumnado aprobado na media das tres avaliacións:** Practicarán o debuxo da figura humana e o retrato (encaixe, sombreado, debuxo a tinta e lapis) cos compañeiros/as como modelo (ninguén posará, cada quen estará a facer o seu traballo), ou calquera outro traballo que indique o profesor. A valoración de estes traballos poderá mellorar a media do curso. **Alumnado suspenso na media das tres avaliacións:** O profesor dirá a cada alumno/a os traballos que debe volver a realizar (os que teña suspensos ou non entregados) en clase ou as leccións do libro que deberá ler ou os traballos de arte que deberá realizar. Todos estes traballos serán individuais e realizaranse na clase. **Os criterios de cualificación serán os mesmos que se usaron durante o resto das avaliacións.**

4.7. ORGANIZACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

- O alumnado de 4º da ESO que teña pendente a materia de **Educación Plástica, Visual e Audiovisual (EPVA)** do curso de 3º de ESO, deberá recuperala de acordo co seguinte plan de reforzo:

1.- A metodoloxía de EPVA de 3º de ESO está baseada fundamentalmente na práctica. A secuencia habitual de traballo na aula consiste na realización dunha serie de traballos prácticos en base ás explicacións. Isto complementábase cunhas tarefas de fotografía como traballo fóra da aula. Todas as entregas teñen unha corrección e levan unha cualificación.

Para acadar o grao mínimo de consecución e así superar a materia, é necesario:

- Facer o traballo práctico indicado na aula, con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas.
- Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase.
- Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.

O plan a seguir para a superación desta materia pendente é un resumo da secuencia de traballo do curso completo. O alumno deberá entregar unha serie de tarefas, en tempo e forma determinados, que serán pormenorizadas a continuación.

2.- A listaxe de materiais requiridos estará dispoñible no curso "Pendentes EPVA 3º ESO" da plataforma virtual Edixgal, que estará accesible na súa listaxe de materias.

3.- Deberá realizar a entrega dos seguintes traballos (en papel):

1. Lugares Xeométricos.
2. Triángulos II.
3. Cuadriláteros.
4. O punto
5. Contorno de peras (aplicando formas de liñas).
6. Collage "Matisse" con formas planas.

Ademais, entregar as seguintes fotografías (pola tarefa correspondente no Edixgal, en formato dixital):

- Foto 1 - Paralelas
- Foto 2 - Lugares Xeométricos.
- Foto 3 - Triángulos.

Estes traballos poderanse consultar, con instrucións detalladas para a súa realización, no curso "Pendentes EPVA 3º ESO" da aula virtual, que estará accesible na súa listaxe de materias.

- Cada unha destas tarefas deberá ser entregada ao xefe do Departamento de Artes Plásticas. Horario fixo de atención: todos os

xoves no segundo recreo (12,10 a 12,30), na aula de Plástica do instituto.

- Os traballos serán entregados de 1 en 1, cun seguimento na súa realización por parte do profesor, co asesoramento necesario para consulta de dúbidas e correccións, no horario anteriormente fixado ou noutro que se acorde. Todos os traballos deberán estar entregados cunha marxe suficiente para a súa corrección e cualificación con anterioridade á data definitiva que o Centro estableza para a cualificación de pendentos.

- Avaliarase cada tarefa individualmente. A cualificación final será a media de todos os traballos. O redondeo da nota farase seguindo os criterios da programación do presente curso.

4.- Ás familias seralles remitida toda a información relacionada con este plan específico por medio dos tutores/as, a través do correo electrónico ou, de ser o caso, entregaráselles persoalmente.

4.8. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR

Realízase un Test inicial para detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo.

Preténdese que o proxecto permita a flexibilización e a adaptación dos contidos.

Previamente, o profesor terá que cuestionarse:

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento dos contidos
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento dos contidos
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo.

Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

- a) Atención individual intensiva na realización de tarefas

- b) Subministración de material de apoio na aula
- c) Ampliación de tempo na realización de probas
- d) Apoios en pequeno grupo
- e) Tutorías durante os recreos
- f) Realización de tarefas en grupo
- g) Adaptación curricular intensiva de ser o caso.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación. A aplicación dunha formulación de falsa clase do revés permite dispoñer de máis tempo para o alumnado que presenta maiores dificultades polo que favorece de forma manifesta a atención á diversidade.

4.9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E ACNEAE

Podemos distinguir tres tipos , según necesidades do alumno:

1_ Medidas xerais ou ordinarias :

- a) A acción tutorial.
- b) Actuacións preventivas e de detección de dificultades de aprendizaxedirixidas a os alumnos.
- c) Adaptación curricular que afecten unicamente á metodoloxía didáctica.
- d) Actuacións de prevención e control do absentismo escolar
- e) Personalización da aprendizaxe a través das tecnoloxías da información e a comunicación
- f) Planificación de tempos e horarios dos bloques de contidos
- g) Aplicación de medidas de reforzo e acompañamento fora do horario lectivo

2_Medidas especializadas de atención á diversidade

- a) Apoio dentro do aula por mestres especialistas de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, persoal complementario ou outropersoal. Excepcionalmente, poderase realizar o apoio fose do aula en sesións de intervención especializada cun alumno ou grupo de alumnos sempre que dita intervención non poida realizarse no aula e estea convenientemente xustificada.
- b) Adaptacións de accesibilidade ao currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEAE), así como os recursos de apoio que lles permitan acceder ao currículo.
- c) Adaptacións curriculares significativas dos elementos do currículo dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais. Realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referencia os elementos fixados nelas.
- d) Modalidade de escolarización do alumno con discapacidade que lle garanta unha resposta máis axustada ás necesidades educativas que presente.
- e) Atención educativa ao alumnado por situacións persoais de hospitalización ou de convalecencia domiciliaria.
- f) Programas de mellora da aprendizaxe e rendemento (PMAR) que permitan ao alumnado progresar e superar as súas dificultades de aprendizaxe para lograr obter o título de Graduado en ESO

3_Medidas extraordinarias de atención á diversidade

- a) Aceleración e ampliación parcial do currículo para o alumnado con altas capacidades.
- b) Flexibilización do período de permanencia na etapa para o alumnado con altas capacidades intelectuais nos termos que determine a normativa vixente.
- c) Escolarización no curso inferior ao que lle corresponde por idade para aqueles alumnos que se escolaricen tardíamente no sistema educativo e presenten un desfase curricular de dous ou máis cursos. No caso de superar devandito desfase, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

d) Prolongación da escolaridade na etapa dun ano máis para o alumnado con necesidades educativas especiais sempre que con ela favorezase a integración socioeducativa deste alumnado e permítalle a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.

4.10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Traballaranse os elementos transversais establecidos no artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.
2. Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
3. Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia
4. Promover a educación e a seguridade viaria, para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Os mecanismos consistirán en:

- a) Desenvolver a autoestima e a participación, mediante o traballo en equipo
- b) Favorecer a comunicación interpersonal, promovendo a educación para a convivencia, a tolerancia e a igualdade entre homes e mulleres.
 - b) A autorregulación e o uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación.

4. PROGRAMACIÓNS ESPECÍFICAS

Debuxo Técnico. 2º curso Bacharelato

4. 1.VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CUALIFICACION E TEMPORALIZACIÓN

Obxectivos etapa	Contidos	Criterios avaliación	Grao mínimo de cons.	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos avaliación	Criterios cualificación	Nº de sesións
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico								
								1º Trimestre 1ª Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolución de problemas xeométricos. ▪ B1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións. ▪ B1.3. Construción de figuras planas equivalentes. ▪ B1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz. ▪ B1.5. Aplicacións. ▪ B1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias. ▪ B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. 	<p>Obtén unha cualificación positiva como mínimo en dous exercicios</p> <p>Experimenta as posibilidades expresivas do trazo e do xesto como mínimo en dous exercicios</p> <p>Resolve exercicios sinxelos aplicando conceptos de inversión</p> <p>Resolve exercicios sinxelos aplicando conceptos de analoxía</p> <p>Comprende e aplica conceptos de potencia e eixes</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.1. Identifica a estruturaxeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade. ▪ DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación a debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. ▪ DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos. ▪ DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía a outros problemas máis sinxelos. ▪ DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración de exercicios individuais. ▪ Realización de probas escritas en cada bloque. 	Ver apartado 4.5	<p>5 sesións</p> <p>5 sesións</p> <p>5 sesións</p> <p>5 sesións</p>

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

				relación entre os seus elementos.				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Trazado de curvas cónicas e técnicas. ▪ B1.10. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola. ▪ B1.11. Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das curvas cíclicas e envolventes. ▪ B1.12. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións. ▪ B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. 	<p>Reflexiona e experimenta con curvas cónicas</p> <p>Valorar a importancia da tanxencia entre liñas e curvas e entre estas.</p> <p>Coñecer os fundamentos da tanxencia entre rectas e circunferencias</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións. ▪ DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado. ▪ DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE 		Ver apartado 4.5	5 sesións
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións. ▪ B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións. ▪ B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións. ▪ B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións. ▪ B1.14. Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia. ▪ B1.15. Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. 	<p>Coñecer os fundamentos da homoloxía</p> <p>Experimentar con diferentes casos de homoloxía e afinidade e as súas diferencias</p> <p>Experimentar con escalas gráficas</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións. ▪ DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas. ▪ DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCCT 		Ler o apartado 4.5	5 sesións

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Bloque 2. Sistemas de representación								2º_3º Trimestre 2ª_3ª Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Punto, recta e plano no sistema diédrico. ▪ B2.2. Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade. ▪ B2.3. Determinación da verdadeira-magnitude de segmentos e formas planas. ▪ B2.4. Construción de figuras planas no sistema diédrico. ▪ B2.5. Abatemento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións. ▪ B2.6. Xiroduncorpoxeométrico. Aplicacións. ▪ B2.7. Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións. ▪ B2.8. Afinidade entre proxeccións. ▪ B2.9. Problema inverso ao abatemento. ▪ B2.10. Corpos xeométricos no sistema diédrico. ▪ B2.11. Representación de poliedros regulares. Posicións singulares. ▪ B2.12. Determinación das súas seccións principais. ▪ B2.13. Representación de prismas e pirámides. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. 	<p>Descubrir as diferentes funcións dos sistemas de representación. Repaso de conceptos de paralelismo e perpendicularidade</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira-magnitude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración de exercicios individuais. ▪ Realización de probas escritas en cada bloque. 	Ver apartado 4.5	5 sesións
			<p>Experimentar con proxeccións de figuras planas</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 			5 sesións
			<p>Entender os recursos para obter verdadeiras magnitudes</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira-magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatementos ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 			5 sesións
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas. ▪ B2.15. Determinación de seccións pla- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. 	<p>Representar volumes en sistema diédrico</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	Ver apartado 4.5	5 sesións
			<p>Entende e sabe obter as proxeccións diédricas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 			5 sesións

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i ▪ l 	<p>nas e elaboración de desenvolvementos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.16. Interseccións. ▪ B2.17. Xiros, abatementos ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais. 		<p>Coñece e representa as proxeccións diédricas de seccións planas de volumes.</p> <p>Coñece e representa as proxeccións diédricas de interseccións de volumes con rectas.</p> <p>Coñece os desenrols de poliedros, conos e cilindros</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos espazo tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. ▪ DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída. ▪ DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatementos ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración de exercicios individuais. ▪ Realización de probas escritas en cada bloque. 		<p>5 sesións</p> <p>5 sesións</p> <p>5 sesións</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.18. Sistemas axonométricos ortogonais. ▪ B2.19. Posición do triedro fundamental. ▪ B2.20. Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema. ▪ B2.21. Determinación de coeficientes de redución. ▪ B2.22. Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes. ▪ B2.23. Representación de figuras planas. ▪ B2.24. Representación simplificada da circunferencia. ▪ B2.25. Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. 	<p>Visualiza sin dificultade pezas sinxelas representandoas a man alzada mediante isometrías</p> <p>Representar axonometrías de corpos</p> <p>Resolve problemas de representación isométrica</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución. ▪ DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexenamosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios. ▪ DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos espazo tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CMCCT 	<p>Ver apartado 4.5</p>	<p>5 sesións</p> <p>5 sesións</p>	<p>5 sesións</p>

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos								3º Trim 3ª Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Elaboración de bosquejos, esbozos e planos. ▪ B3.2. Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual. ▪ B3.3. Proxecto: tipos e elementos. ▪ B3.4. Planificación de proxectos. ▪ B3.5. Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas. ▪ B3.6. Elaboración das primeiras ideas. ▪ B3.7. Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción. ▪ B3.8. Presentación de proxectos. ▪ B3.9. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo. ▪ B3.10. Debuxo de bosquejos a man alzada e esquemas. ▪ B3.11. Elaboración de debuxos cotados. ▪ B3.12. Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. 	<p>Coñece elementos e entende conceptos básicos das normas de cotación</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración de exercicios individuais. ▪ Realización de probas escritas en cada bloque. 	Ver apartado 4.5	5 sesións
			<p>Resolve problemas de representación a escala según necesidades e comprende planos técnicos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen. 			5 sesións	
			<p>Representa croquis de pezas volumétricas e cota vistas según as normas</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.1.3. Debuxa bosquejos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas. 			5 sesións	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. 	<p>Coñecer a composición de planos técnicos. Recoñecer as cotas necesarias e suficientes para representar volumes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoñendo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquejos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD 	Ver apartado 4.5	5 sesións
			<p>Coñecer e representar con software 2D as vistas e axonometrías de figuras sinxelas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización. 			5 sesións	

IE.S. "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras - Ourense

<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas. ▪ B3.15. Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas. ▪ B3.16. Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista. ▪ B3.17. Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos. 	<p>Cofecer e representar con software 3D figuras sinxelas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoñendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade. 	▪ CD	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración de exercicios individuais. ▪ Realización de probas escritas en cada bloque. 	5 sesións
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado. 	▪ CD		5 sesións
			<p>Executar correctamente planos técnicos con medios gráficos e informáticos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron. 		▪ CD

4.2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

No desenvolvemento das tarefas pódense empregar diversas estratexias metodolóxicas:

Cofecer, antes de comezar, as ideas previas, as dificultades de aprendizaxe do alumnado e os recursos dispoñibles.

Introducir de xeito xeral o alumno na unidade, anticipando as tarefas previstas e os materiais necesarios para o desenvolvemento desta.

Realizar exposicións (tanto por parte do profesor coma dos alumnos) utilizando diferentes soportes e incidindo no uso da imaxe e na expresión multimedia (oral, visual e outras).

Complementar as lecturas coa busca de información e a reflexión tanto individual como en grupo.

Fomentar a realización de esquemas ou mapas visuais do que se cofece e do que se quere cofecer, así como dos procesos de

traballo tanto individuais como por medio de dinámicas grupais.

Fomentar a exposición e posta en común, tanto na clase como fóra dela.

Realizar visitas extraescolares ou invitar personaxes de interese á aula.

A aprendizaxe dos contidos da área de educación plástica visual e audiovisual realízase traballando mediante o método de actividades en láminas.

De forma moi esquemática, o método de estas actividades consta de catro etapas: observar, deseñar, analizar e avaliar. Unha vez concluído o proceso, o alumnado terá aprendido a:

- Identificar problemas que precisan unha solución
- Determinar as condicións que debe cumprir a solución
- Analizar as solucións existentes valorando posibles melloras
- Deseñar unha solución a través da realización da lámina
- Executar o deseño planificando previamente a distribución de tarefas e tempos e a dispoñibilidade dos útiles necesarios
- Analizar o resultado do proceso

A dificultade dos problemas que cada individuo ou grupo de traballo debe resolver aumenta progresivamente da primeira á última avaliación. O grupo debe analizar a información proporcionada e tomar decisións pero todo isto sucede nun marco que inicialmente estará moi delimitado e que progresivamente se moverá cara proxectos máis abertos.

Esta metodoloxía desenvólvese nunha aula específica para impartir contidos cunha compoñente práctica importante. Este espazo permite ademais o traballo individual e en grupo. Co traballo individual preténdese favorecer a autonomía persoal do alumnado a través de diferentes tarefas como resolución de exercicios, prácticas ou pequenos traballos de investigación. Co traballo en grupo preténdese favorecer a aprendizaxe cooperativa así como contribuír positivamente á convivencia no centro a través da realización de proxectos.

Non se fixou un libro de texto e traballarase con materiais de elaboración propia e/ou de libre uso que se atopen dispoñibles na

rede. O centro dispón de portátiles para uso individual do alumnado e dunha rede de datos accesible, o que fai perfectamente viable esta elección. Desta maneira a materia impártese cun custo case nulo para as familias e ademais incídese no desenvolvemento da competencia dixital.

O alumnado pode descargar os materiais curriculares e se o solicita, dispoñer dunha versión en papel para fotocopiar. Nese caso, o alumnado debe asumir o custo das fotocopias que realice pero os boletíns de exercicios serán entregados en clase con cargo ao departamento.

A aula específica do departamento conta con un equipamento dunha pizarra dixital interactiva e conexión wifi.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual: Os materiais dixitais (vídeos, presentacións, animacións...) asociados á unidade.

Outros recursos como libros de consulta que están o servizo dos alumnos no departamento inmediato a Aula.

Recursos dixitais

Na Aula específica de Debuxo dispoñemos de ordenador con proxector.

Os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados empregando os recursos dixitais dispoñibles na Aula Virtual

Enlaces web

4.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1_ Observación sistemática. Centrada nos seguintes aspectos:

- a) Hábitos de traballo.
- b) Habilidades e destrezas.
- c) Actitudes de iniciativa e interese no traballo.
- d) Avances na asimilación de contidos conceptuais.

- e) Participación en actividades dentro e fóra da aula.
- f) A expresión oral a través das intervencións na clase, na posta en común de traballos en equipo, en coloquios, debates.

2_ De intercambios orais:

- a) Exposicións e postas en común
- b) Diálogos
- c) Coavaliación

3_ De análise das producións do alumnado:

- a) Fotocopias de clase
- b) Resolución de exercicios e problemas
- c) Traballos

4_ Probas específicas:

- a) Probas obxectivas
- b) Exames e controis
- c) Cuestionarios

4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico

- B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicaise/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

- B1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.
- B1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.

Bloque 2. Sistemas de representación

- B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos espazostridimensionais.
- B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.
- B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen mostrar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.

Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos

- B3.1. Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.

- B3.2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto-sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.

4.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Realizarase un exame (e a súa correspondente recuperación) por cada unha das catro partes da materia:

- **XEOMETRÍA PLANA.** (1/5 da nota).
- **SISTEMA DIÉDRICO.** (1/5 da nota).
- **SISTEMA AXONOMÉTRICO.** (1/5 da nota).
- **SISTEMA CÓNICO** (1/5 da nota).

En cada unha das catro partes da materia faranse **exercicios prácticos** para que o alumnado comprobe que efectivamente comprende e ten asimilada a materia. Fará os exercicios en clase coa asistencia do profesor. Despois, o profesor corríraos na clase en común para todos e, finalmente, cada alumno/a corrirá os seus na casa.

Unha vez corrídos os exercicios fixarase, de común acordo entre o alumnado e o profesor, unha data de entrega para os exercicios corrídos. O profesor revisaraos e poñeralles nota. **Cando un alumno/a non entregue os seus exercicios corrídos, na data fixada de común acordo, non terá dereito a esa corrección por parte do profesor.**

As notas que o alumno/a obteña nos exercicios non serán como as dun exame normal (lembramos que se trata de exercicios xa corrídos) e servirán, no seu conxunto, para mellorar (nunca empeorar) a nota do exame nunha cantidade non superior a 1,5 puntos. Se a cualificación media de tódalas actividades entregadas en cada parte está entre 5 e 8 sumarase 0,75 puntos. Se está entre >8 e 10 sumarase 1,5 puntos. Para facer os redondeos na nota da avaliación, se a nota (exame + actividades) é decimal igual ou superior a 8 redondéase cara arriba e en caso contrario cara abaixo.

A nota que o alumno/a levará nunha avaliación será a que acadou no exame respectivo (ampliada no seu caso segundo quedou indicado no parágrafo anterior) da parte de materia que se viu nesa avaliación. Se nunha avaliación se fixeran dous ou máis exames,

a nota que o alumno/a levará na avaliación será a media de todas elas. O alumnado deberá recuperar soamente as partes da materia que teña suspensas (e terá que facelo aínda que nunha avaliación leve un aprobado como consecuencia da media dos exames que fixo en ela).

Ao final do curso realizarase un **exame final** que incluírá tódolos contidos desenrolados no curso e que servirá:

- Para recuperar algunha das partes anteriores suspensas no exame e na recuperación (con un máximo de dúas partes suspensas).
- Para facer media (1/5 da nota) coas outras catro partes na nota final.

Nota: Cando un alumno/a teña, ao final do curso, máis de dúas das catro partes da materia suspensas (o exame e a recuperación), non poderá recuperarlas no exame final. Se o desexa poderá acadar o aprobado da materia facendo un **exame especial** (de 3 horas de duración) que inclúa toda a materia.

Cando un alumno/a se teña incorporado ó curso despois da primeira avaliación, estea eximido da obrigatoriedade da asistencia á clase normal **ou perdera o dereito á avaliación continua**, non poderá recuperar as partes da materia suspensas (ou non avaliadas) no exame final, terá que facer o antedito **exame especial**.

O alumnado que non acade un 5 na avaliación ordinaria deberá facer un exame para a **avaliación extraordinaria**, realizarase tendo en conta exclusivamente os resultados acadados no **exame** respectivo, de 1 hora e 30 minutos e que incluírá unha escolma dos contidos máis salientables do curso.

Durante o tempo de clase entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado repasará, coa axuda do profesor, toda a materia do curso, facendo exercicios e preguntando as dúbidas. O alumnado que obtivera un 5 ou máis na avaliación ordinaria asistirá ás clases e repasará cos seus compañeiros, pero non fará a proba extraordinaria.

4.6. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN

- A nota que o alumno/a levará nunha avaliación será a que acadou no exame respectivo (ampliada no seu caso segundo quedou indicado) da parte de materia que se viu nesa avaliación. Se nunha avaliación se fixeran dous ou máis exames, a nota que o alumno/a levará na avaliación será a media de todas elas. O alumnado deberá recuperar soamente as partes da materia que teña suspensas (e terá que facelo aínda que nunha avaliación leve un aprobado como consecuencia da media dos exames que fixo en ela), realizando un exame de recuperación de cada bloque.

- Ao final do curso realizarase un **exame final** que incluíra tódolos contidos desenrolados no curso e que servirá:
 - Para recuperar algunha das partes anteriores suspensas no exame e na recuperación (con un máximo de dúas partes suspensas).
 - Para facer media (1/5 da nota) coas outras catro partes na nota final.

Nota: Cando un alumno/a teña, ao final do curso, máis de dúas das catro partes da materia suspensas (o exame e a recuperación), non poderá recuperarlas no exame final. Se o desexa poderá acadar o aprobado da materia facendo un **exame especial** (de 3 horas de duración) que inclúa toda a materia.

- O alumnado que non acade un 5 na avaliación ordinaria deberá facer un exame para a **avaliación extraordinaria**, realizarase tendo en conta exclusivamente os resultados acadados no **exame** respectivo, de 1 hora e 30 minutos e que incluíra unha escolma dos contidos máis salientables do curso.

4.7. ORGANIZACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O alumnado que leve pendente a materia de **DEBUXO TÉCNICO I** poderán recuperala por dous procedementos:

1.- Dado que as dúas materias forman parte do mesmo corpo de coñecementos e tendo en conta que no segundo curso inclúense os coñecementos do primeiro, un alumno/a co DEBUXO TÉCNICO I pendente poderá recuperar a materia de cada unha das partes coa correspondente do segundo curso (ao alumno/a lle quedará recuperada a parte da materia do mesmo nome de 1º curso cando supere á do segundo). Unicamente deberá facer un exame específico da parte de Sistema acoutado que se ve integramente no primeiro curso.

2.- Facendo un exame de cada unha das partes da materia de DEBUXO TÉCNICO I, coincidindo coas datas que oportunamente sexan fixadas pola Xefatura de Estudos do centro. Seguiranse os mesmos criterios de avaliación fixados para DEBUXO TÉCNICO I.

En calquera das dúas opcións, elixidas libremente polo alumno/a ó principio do curso, o profesor prestará todo o apoio (presentación e corrección de exercicios, explicacións, etc..) que sexan precisos.

4.8. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR

Realízase un Test inicial para detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo.

Preténdese que o proxecto permita a flexibilización e a adaptación dos contidos.

Previamente, o profesor terá que cuestionarse:

- Que dificultades e potencialidades daranse no grupo durante o desenvolvemento dos contidos
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais se preven no desenvolvemento dos contidos
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo.

Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

- a) Atención individual intensiva na realización de tarefas
- b) Subministración de material de apoio na aula
- c) Ampliación de tempo na realización de probas
- d) Apoios en pequeno grupo
- e) Tutorías durante os recreos
- f) Realización de tarefas en grupo
- g) Adaptación curricular intensiva de ser o caso.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación. A aplicación dunha formulación de falsa clase do revés permite dispoñer de máis tempo para o alumnado que presenta maiores dificultades polo que favorece de forma manifesta a atención á diversidade.

4.9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E ACNEAE

